



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE

Marzo 2024

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de marzo de 2024**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2023 e anteriores.

O INE estima que neste mes de marzo abriron de media en Galicia uns catro mil establecementos de aloxamento turístico que ofertaron pouco máis de 90 mil prazas – cifra que supera nun 13,5% o dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento homoxéneo a nivel das tipoloxías. En particular a oferta sobe en todas as modalidades de aloxamento agás nos hoteles, con incrementos que superan o 20% interanual nos apartamentos turísticos, cámpings e albergues.

MARZO 2024

Tab 1. Viaxeiros, noites, estada media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 24/23	Nº	Var. 24/23	Nº	Var. 24/23	%	Var. 24/23
HOTEIS	254.232	20,7%	476.286	25,4%	1,87	3,9%	35,51%	3,91
PENSIÓNS	50.469	25,4%	86.128	6,0%	1,71	-15,4%	20,91%	1,70
ESTAB. HOTELEIROS	304.702	21,5%	562.412	22,0%	1,85	0,4%	32,08%	3,70
APTOS. TURÍSTICOS	15.338	67,2%	37.657	46,6%	2,46	-12,3%	15,34%	1,55
CÁMPINGS	6.632	246,5%	10.949	-13,3%	1,65	-75,0%	9,04%	0,59
TURISMO RURAL	10.897	81,8%	18.847	100,5%	1,73	10,3%	12,81%	5,81
ALBERGUES	67.648	44,2%	76.705	52,2%	1,13	5,6%	25,23%	3,85
ESTAB. EXTRAHOTEL.	100.515	57,0%	144.158	47,0%	1,43	-6,4%	-	-
TOTAL	405.217	28,7%	706.570	26,4%	1,74	-1,8%	-	-


- A dinámica no segmento do aloxamento turístico en Galicia correspondente ao mes de marzo está condicionada polo efecto do calendario e particularmente pola celebración da Semana Santa, que este ano 2024 celebrouse integramente neste terceiro mes -na última semana en concreto- e en 2023 en abril. A comparativa ten, por tanto, un nesgo claro que condiciona -agora mesmo en positivo- os resultados do mes.
- A conxuntura do segmento do aloxamento turístico presenta agora en marzo, por tanto, un comportamento positivo en termos globais aínda que con pequenos



matices. Refórzase así a dinámica observada en febreiro e en boa parte de 2023 coa excepción da estabilidade rexistrada en xullo e en novembro.

- Así, a cifra de viaxeiros aloxados incrementábase un 29% e o volume de noites un 26% acadando máis de 706 mil pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo considerado polo INE, a saber, hotéis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, establecementos de turismo rural e albergues.
- Con esta cifra Galicia marca un máximo da serie histórica de demanda no mes de marzo -levemente por encima da cifra de marzo de 2008- mais cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde o pasado ano 2021, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional próximo ás 77 mil noites-. Inflúe ademais a celebración da Semana Santa, festividade que noutros anos se celebra en abril.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Marzo 2016-24



- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrábase unha perda do 60% -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se mantén en 2021 e se recupera en boa medida en 2022. En 2023 mantense a senda positiva que se confirma agora en 2024 con subas importantes, do máis do 20% en ambos anos.
- Neste mes Galicia colócase como o noveno destino máis importante do Estado -perde un posto respecto a súa posición habitual na temporada baixa-, absorbendo o 2,1% do total estatal. Canarias é o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con máis de 8,8 millóns de pernoctacións -o 26,2% do total-. Consolida o primeiro posto do ranking estatal por sexto mes consecutivo




substituíndo a Baleares -destino de maior peso en setembro- e Cataluña - comunidade con maior volume de demanda na temporada alta-.

- Logo de Canarias sitúanse a continuación Andalucía -con preto de 5,7 millóns de noites-, Cataluña -con 5,0 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana -con 4,0 millóns- e Madrid -con 2,7 millóns de noites neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 78% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúanse Baleares, Castela e León, e o País Vasco, por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.
- A nivel estatal obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo da demanda a nivel das comunidades autónomas. Todas elas conseguen superar as cifras do pasado ano, destacando os incrementos rexistrados en Baleares -do 77%- e en Cantabria e Asturias -do 66% en ambas-. A Ríoxa e Cataluña amosan tamén subas notables, de algo máis do 30%, mentres que os restantes destinos amosan crecementos de menor intensidade, sendo Canarias a comunidade que presenta o crecemento máis moderado, do 10% neste caso.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición media cun comportamento parello ao observado no País Vasco e Navarra. Todas elas xunto con Asturias e Cantabria sitúan a España Verde en posicións de liderazgo do crecemento da demanda neste terceiro mes do ano.
- No conxunto do Estado o nivel de demanda incrementábase nun 22%. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora en catro puntos a media de España.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Case todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en marzo do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Marcan a excepción catro destinos: dunha banda Baleares e Cataluña -que superan en preto de dous puntos a cuota do pasado ano- e doutra banda Madrid e Canarias -que perden xustamente peso en relación ao dato de 2023, en menos dun punto a primeira e en tres puntos esta última-.
- O comportamento da demanda permite a todos os destinos situarse por encima das cifras de marzo de 2019, previas á pandemia. Asturias e Cantabria colócanse á cabeza neste ranking, marcando maior distancia en relación aos valores de hai cinco anos.
- Neste mes de marzo o 80% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis -que representan o 68%- coma ás pensións -co 12% neste caso-. O 20% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos -que representan o 5,3% da demanda total-, aos cámpings -co 1,5%-, aos establecementos de turismo rural -co 2,7%- e aos albergues -co 10,9% neste caso-.
- Esta estrutura cambia levemente en relación á observada nos últimos meses de temporada baixa. Agora en marzo, a pesar da forte presenza do segmento hoteleiro


e nomeadamente dos hoteis, gaña certo protagonismo o segmento non hoteleiro, principalmente os albergues.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Marzo 2024



- O comportamento da demanda a nivel global vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en boa parte das tipoloxías de aloxamento, con diferente intensidade. Marcan a excepción os cámpings que nun mes con período vacacional importante rexistran un descenso global do 13% no volume de noites.
- O incremento da demanda é suave nas pensións -do 6%- e máis acentuado nas restantes modalidades -do 25% nos hoteis, de arredor do 50% nos apartamentos turísticos e albergues, e do dobre no segmento de turismo rural-. Esta última tipoloxía rompe coa dinámica de baixa intensidade dos últimos meses e probablemente como consecuencia da celebración da Semana Santa consegue dobrar os niveis de demanda de marzo do pasado ano.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticas. Marzo 2024/23, por tipoloxías






- Neste contexto de dinámica positiva global dúas tipoloxías marcan claramente máximos históricos de demanda. Son os apartamentos turísticos -con 38 mil pernoctacións- e os albergues -con máis de 76 mil noites neste caso-.
- Con esta dinámica todas as tipoloxías superan tamén os niveis previos á pandemia, de marzo de 2019, con variacións de diversa intensidade. A distancia é superior no caso dos cámpings -multiplica por oito a cifra de hai cinco anos- e dos apartamentos turísticos -co triplo do volume anterior á crise-. A variación é máis curta no caso das pensións, que se sitúan un 10% por encima da cifra de marzo de 2019.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de 147 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que provén en grande medida da suba rexistrada no segmento hoteleiro -cunha variación positiva de algo máis de 100 mil pernoctacións-.
- O comportamento da demanda apenas varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Case todos os destinos conseguen homoxeneidade completa nas variacións da demanda, con incrementos globais en relación ao pasado ano en todas as modalidades de aloxamento. Só catro deles conxugan tipoloxías con dinámicas positivas e negativas -son Galicia, Canarias A Rioxa e Aragón-.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito hoteleiro, nos apartamentos turísticos e no segmento de turismo rural -nestas tres modalidades todas as comunidades autónomas amosan resultados positivos-. Baleares, Asturias e Cantabria son os destinos de maior crecemento da demanda no segmento hoteleiro e nos apartamentos turísticos, mentres que Asturias, Murcia e Galicia lideran o crecemento no ámbito do turismo rural.
- Nos cámpings e albergues a situación cambia levemente, cunha dinámica global positiva pero tamén con excepcións en negativo. Así todos os destinos agás Galicia e Canarias superan os niveis de demanda de 2023 nos cámpings -A Rioxa, Cantabria, Cataluña e Navarra presentan a suba máis notoria, de máis do dobre do pasado ano, e tamén todos menos A Rioxa e Aragón melloran as cifras no ámbito dos albergues, marcando neste caso Asturias o incremento máis notorio -do dobre respecto dos niveis de 2023-.
- Galicia colócase neste caso en posicións relativamente altas, con mellor comportamento relativo no segmento de turismo rural -nesta última é a terceira comunidade coa taxa de crecemento máis elevada- e nos albergues -coa cuarta taxa máis alta-, e peor comportamento nos cámpings -única modalidade con comportamento negativo-. En termos de demanda Galicia é a quinta con maior volume nos albergues, a oitava no ámbito hoteleiro mais ocupa lugares máis baixos nos cámpings e no ámbito do turismo rural.
- Neste mes o 77% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 28% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor

nacional, que representa o 49%-. O mercado internacional absorbe o 23% do total da demanda. Esta estrutura mantense relativamente estable respecto do observado nos últimos meses, axustándose ao propio dun período de temporada baixa.

- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e apenas cambian en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 75%, cun 29% para o interno e 46% para o que procede do resto do Estado, ficando o 25% restante para o estranxeiro -distribución diferente á observada nos pasados meses de xaneiro e febreiro-.


Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Marzo 2024



- A nivel de mercados obsérvase un comportamento tamén positivo neste mes. Así incrementase o turismo interno, dos residentes en Galicia -nun 12,5%-, e o receptor -nun 32% aquel de ámbito nacional e nun 34% o internacional-.
- Esta dinámica leva a que o mercado receptor acade máximos históricos de demanda no mes de marzo, con 344 mil pernoctacións aquel de orixe nacional e 164 mil noites o internacional. O mercado interno, a pesar de amosar un comportamento positivo que o leva a superar as cifras dos últimos anos, fica aínda por debaixo dos valores rexistrados en 2008 ou 2016.
- A diferenza de intensidade de crecemento en relación ao pasado ano leva a un cambio na estrutura da demanda, diminuindo o peso do turismo interno -en máis de tres puntos porcentuais- e incrementándose en paralelo o peso do mercado receptor -en dous puntos aquel de ámbito nacional e en algo máis dun punto o internacional-.
- Isto leva a que o segmento interno acade un mínimo histórico de peso dentro da estrutura da demanda en Galicia neste terceiro mes do ano cun 28% do total -habitualmente representaba máis do 40% do total da demanda-. O mercado

internacional, en cambio, acada o seu peso máis elevado da serie co 23% do total da demanda -supera o 20% desde os últimos tres anos-.

Fig. 5. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Marzo 2024/23




- O comportamento dos dous grandes segmentos de mercado -neste caso o nacional e internacional- non cambia en relación ás tipoloxías de aloxamento consideradas. Neste sentido presentan homoxeneidade tanto o turismo nacional como o estranxeiro pois ambos soben e melloran as cifras do pasado ano en cinco modalidades -no segmento hoteleiro, apartamentos turísticos, segmento de turismo rural e albergues-, descendendo unicamente nos cámpings.
- Ademais do sentido da evolución, ambos segmentos presentan unha intensidade moi parella, dobrando por exemplo os niveis de demanda no ámbito do turismo rural. Presentan máis diverxencia nas pensións e nos albergues, tipoloxías nas que o segmento internacional presenta subas de maior intensidade gañando, por tanto, peso nas mesmas.
- No ámbito hoteleiro a dinámica dos dous segmentos de mercado é tamén parella agás nas pensións dunha estrela onde o turismo de ámbito nacional presenta unha caída en termos interanuais, do 13% neste caso. É a única modalidade que presenta un comportamento dispar, pois nos restantes segmentos os crecementos son globais aínda que a taxas variables.
- Con carácter xeral o mercado internacional presenta subas de maior intensidade que o nacional, o que leva a gañar peso en boa parte das categorías hoteleiras.
- A estadía media global sitúase en 1,7 noites, cifra que descende suavemente tanto en relación ao pasado ano como en comparación co nivel previo á pandemia. En realidade, a estadía media rexistra agora en 2024 un mínimo da serie histórica do mes de marzo, circunstancia que en parte débese á presenza dos albergues no

cómputo global -tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-. Nos anos previos á pandemia o valor da estadía de marzo ficaba no contorno de 1,9 noites.

- Os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,5 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican por debaixo das dúas noites -con 1,9 noites os hoteis, 1,7 noites as pensións, os cámpings e os aloxamentos de turismo rural e 1,1 noites os albergues-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos turísticos. Marzo 2024




- En termos dinámicos a estadía media increméntase nos hoteis -nun 4%-, nos albergues -nun 6%- e nos aloxamentos de turismo rural -nun 10% neste caso-, e descende nas restantes tres tipoloxías -con maior intensidade nos cámpings, nun 75% neste caso-. Isto último é o factor que explica a caída global da demanda nesta tipoloxía pois en realidade a cifra de viaxeiros aloxados triplica o volume do pasado ano.
- A estadía media de Galicia é a máis baixa do conxunto do Estado. Canarias, con 6,7 noites, marca o valor máis elevado agora en marzo -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 4,4 noites de media- e a C. Valenciana -con 3,7 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en trece comunidades autónomas -de forma máis intensa en Asturias e Cantabria-, mantense estable en dúas, e descende nos restantes dous destinos, en proporcións pouco relevantes.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento tamén positivo e homoxéneo neste mes. Todas as modalidades melloran as porcentaxes do pasado ano con intensidade variable. Os incrementos máis notorios localízanse no segmento de turismo rural -de case seis puntos porcentuais- e nos hoteis e albergues -de case



catro puntos en ambos-, e o máis suave nos cámpings -inferior ao punto porcentual, como consecuencia dun descenso da oferta dispoñible superior á caída da demanda.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Marzo 2024



- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 35,5% de media neste mes. As restantes modalidades presentan unha cifra inferior, destacando os albergues co 25,2% neste caso.
- Neste mes a cifra máis baixa queda novamente nos cámpings, cun 9,0% de media neste caso.